0,75	Xustifica a temporalización das UD, diferenciando entre UD secuencias e/ou transversais, tendo en conta o calendario escolar e o número de sesións semanais da área/materia. Establece unha secuencia lóxica das UD ao longo do curso; estas parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, das características do centro, dos coñecementos, destrezas e actitudes propias da área/materia e as situacións de aprendizaxe propostas desenvolven actividades competencias relacionadas coa vida real.
Observacións:	
D. Metodoloxía. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona a metodoloxía.
	Ten metodoloxía moi xenérica pero non ten en conta as características do alumnado.
	Ten unha metodoloxía variada especificando as estratexias de aprendizaxe utilizadas.
	A metodoloxía é variada e especifica as estratexias de aprendizaxe, os agrupamentos e as formas de organización do espazo e dos tempos. Xustifica os materiais e recursos didácticos utilizados.
1,00	A metodoloxía é concreta, coherente e ten en conta as liñas de actuación recollidas nas orientacións pedagóxicas do currículo e os principios metodolóxicos, así como o contexto e as características do alumnado. Concreta e xustifica as diferentes estratexias/técnicas/métodos de aprendizaxe, tipos de agrupamentos, as formas de organización do espazo e dos tempos, que utilizará ao longo do curso. Os materiais e recursos didácticos utilizados son variados e axeitados, tendo en conta o contexto do centro educativo e as características do alumnado.
Observacións:	
E. Avaliación. Ata 1 punto (Non procede na especialidade de Educación Infantil)	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona instrumentos de avaliación pero non son variados e acordes ao que realmente se quere avaliar. Hai criterios de cualificación, pero non son claros e concisos.
	Menciona unha avaliación inicial e especifica os momentos nos que se realiza. Emprega instrumentos de avaliación variados. Especifica criterios de cualificación, os relaciona cos criterios de avaliación.
	Realiza unha avaliación inicial, especifica os momentos, as técnicas e os instrumentos de avaliación empregados. Emprega instrumentos de avaliación acordes ao que se pretende avaliar. Establece un peso e un mínimo de consecución para cada criterio de avaliación. Xustifica os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun alumno/a.
1,00	Realiza unha avaliación inicial especificando o tipo de información que se desexa obter de cada alumno/a, as técnicas e instrumentos utilizados, así como os momentos e as accións que se desenvolverán co alumnado que se incorpore ao longo do curso. Emprega instrumentos de avaliación variados, acordes aos criterios de avaliación e ás características do alumnado. Establece os mínimos de consecución en función dos criterios de avaliación e a súa redacción é precisa, clara e parte do criterio de avaliación e do contido/s de referencia. Os criterios de avaliación das UD son coherentes e equilibrados aos contidos seleccionados para cada UD, e o peso asignado a cada criterio dentro de cada UD é coherente coa cualificación final da UD.

	Xustifica de maneira clara os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun alumno/a, tanto das distintas UD, como das avaliacións parciais e da avaliación final. Establece uns criterios de recuperación concretos para o alumnado que obtivo cualificacións negativas ao longo do curso.
Observacións:	
E. Avaliación. Ata 1 punto (Soamente para a especialidade de Educación Infantil)	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona as técnicas e os instrumentos de avaliación pero non son variados nin coherentes coa formulación dos criterios de avaliación.
	Menciona técnicas de avaliación variadas e os instrumentos de avaliación son coherentes cos criterios de avaliación.
	Xustifica as diferentes técnicas e instrumentos de avaliación, son coherentes cos criterios de avaliación e a formulación dos mínimos de consecución. Xustifica, en termos cualitativos, como se chega á valoración do proceso de aprendizaxe.
1,00	Xustifica e explica as diferentes técnicas e instrumentos de avaliación. Estes son coherentes cos criterios de avaliación e os mínimos de consecución, e atópanse adaptados aos diferentes trimestres. Emprega técnicas e instrumentos de avaliación adaptados ao alumnado que presenta NEAE. Xustifica, en termos cualitativos, como se chega á valoración do proceso de aprendizaxe e o progreso efectuado polo alumnado, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.
Observacións:	
F. Medidas de atención á diversidade. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.
	Menciona medidas de atención á diversidade, pero con referencias moi xenéricas (presenta unicamente alumnado tipo para xustificar).
	Menciona medidas de atención á diversidade puntuais para o alumnado que presenta NEAE e nomea os protocolos de atención á diversidade.
	Establece de xeito xenérico medidas de atención para todo o alumnado. Xustifica medidas concretas de atención á diversidade (tanto ordinarias como extraordinarias) e acordos ás características e necesidades do alumnado que presenta NEAE, tendo en conta os protocolos de atención á diversidade.
1,00	Concreta, de xeito claro e conciso, as estratexias do deseño universal da aprendizaxe que se aplicarán na aula, xustificando medidas ordinarias de atención á diversidade para dar resposta ás diferentes características, intereses e motivacións de todo o alumnado, e tendo en conta as características e os recursos do centro. Xustifica medidas extraordinarias para atender ás necesidades do alumnado NEAE, utilizando distintos recursos e xustificando a intervención educativa seguindo o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade. Establece medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presenta dificultades para asistir ao centro.
Observacións:	
G. Transversal. Ata 0.5 puntos	
0	Non menciona os elementos transversais e non conta con actividades complementarias.
	Menciona, de xeito xenérico, os elementos transversais e conta con actividades complementarias pero sen concretar os recursos e o momento nos que se van a realizar.
	Establece como se van traballar os distintos elementos transversais ao longo do curso. Establece a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), indicando o momento, espazo e recursos que utiliza.
	Xustifica como se van traballar os distintos elementos transversais ao longo do curso tendo en conta o contexto e as características do alumnado. Xustifica a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento aos contidos traballados e xustificando o momento, espazo e recursos que utiliza.
0,50	Concreta e xustifica como se van traballar os distintos elementos transversais en relación ao contexto, ás características do alumnado e aos contidos traballados nas distintas unidades didácticas. Concreta a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento ao aprendido e para facilitar as aprendizaxes do alumnado, xustificándoas cos elementos curriculares e indicando o seu carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utiliza.
Observacións:	
H. Práctica docente. Ata 0.50 puntos	
0	Non menciona a avaliación do proceso de ensino nin da práctica docente, nin o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.
	Menciona de xeito xenérico e pouco preciso a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.
	Establece a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica, concretando os instrumentos de avaliación utilizados e a súa temporalización.
	Xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores e a periodicidade da súa aplicación. Xustifica a posta en común co resto do profesorado.
0,50	Concreta e xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores, a periodicidade da súa aplicación, así como aplicacións informáticas que emprega no procedemento.

	Concreta e xustifica a posta en común co resto do profesorado, reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, de cara a valorar as propostas de modificación e/ou de mellora.	
Observacións:		
I. Outros aspectos a valorar. Ata 4 puntos		
	Comunicación	Claridade expositiva. Fluidez. Intensidade e prosodia utilizada no discurso. Dominio e credibilidade transmitida. Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	Grao de interiorización da programación didáctica. Estrutura e control do tempo.
	Xustificación	Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia e as novas tendencias actuais do sistema educativo. Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
	Documento da PD	A programación contén os elementos recollidos na normativa. Emprégase unha linguaxe inclusiva ao longo de todo o documento e a normativa mencionada ao longo do documento está en vigor. A redacción da documento presenta unha terminoloxía adecuada, respectando as normas ortográficas e gramaticais. A presentación do documento é orixinal.
Observacións:		
		CUALIFICACIÓN TOTAL

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – B (unidade didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:		
Nome e apelidos do membro do tribunal:						P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:						DNI do/a opositor/a:				

A. Xustificación e contexto da UD. Ata 0,5 puntos	
0	Non fai referencias ao contexto.
	Xustifica a UD dentro da área/materia pero non a contextualiza en función da realidade do grupo de alumnos/as.
	Xustifica a UD dentro da área/materia e ten en conta as principais características do grupo de alumnos/as.
	Xustifica a UD dentro da área/materia, establece unha temporalización tendo en conta as características do grupo de alumnos/as.
0,50	A xustificación é completa, establece unha temporalización coherente co resto de UD do curso e co calendario escolar, e ten en conta a realidade do centro, facendo fincapé nas características do centro e do alumnado.
Observacións:	
B. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave traballados na UD. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona obxectivos, contidos nin criterios de avaliación.
	Menciona os obxectivos da área/materia, contidos e criterios de avaliación, pero non hai coherencia entre eses elementos nin teñen relación co que se pretende traballar na UD.
	Menciona os obxectivos da área/materia, contidos e criterios de avaliación e hai coherencia entre eses elementos e o que se pretende traballar na UD.
	Xustifica a relación entre os obxectivos da área/materia, os contidos e os criterios de avaliación, concretando os mínimos de consecución, e o que se pretende traballar na UD. Menciona as competencias clave.
1,00	Os contidos e criterios de avaliación están adaptados ao curso, son coherentes entre si, define os mínimos de consecución e establece un peso específico para cada criterio de avaliación (o peso non procede na especialidade de Educación Infantil). Xustifica o perfil de saída en relación aos obxectivos de área/materia da UD en relación aos descritores operativos das competencias clave. (No caso da especialidade de Educación Infantil: xustifica de maneira práctica a adquisición das competencias clave por parte do alumnado)
Observacións:	
C. Situacións de aprendizaxe. Ata 1,50 punto	
0	Non menciona as actividades.
	Menciona actividades pero non están contextualizadas e/ou non son axeitadas ao currículo do curso.

	As situacións de aprendizaxe están contextualizadas e son axeitadas ao currículo do curso, pero non establece unha secuenciación das actividades apropiada, nin acorde ás características do centro e a diversidade do alumnado. Nomea os elementos transversais de maneira xenérica.
	As situacións de aprendizaxe están contextualizadas e son axeitadas ao currículo do curso. Establece unha secuenciación das actividades lóxica e teñen en conta ás características do centro e a diversidade do alumnado. Concreta actividades relacionadas co tratamento dos elementos transversais.
1,50	As situacións de aprendizaxe son apropiadas ao currículo do curso, ás características do centro e parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas. As actividades seguen unha secuencia lóxica no tempo, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía. Propón actividades competencias relacionadas coa vida real e relacionadas co tratamento dos elementos transversais. Contempla actividades adaptadas para o alumnado que presenta NEAE.
Observacións:	
D. Metodoloxía, recursos e materiais didácticos empregados. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona a metodoloxía.
	Ten unha metodoloxía moi xenérica ou non ten en conta as características do alumnado.
	Ten unha metodoloxía clara e variada especificando as estratexias de aprendizaxe utilizadas.
	Ten unha metodoloxía clara e variada especificando: as estratexias de aprendizaxe, os agrupamentos, a forma de organización do espazo e dos tempos. Xustifica os materiais e recursos didácticos utilizados.
1,00	A metodoloxía é clara e coherente co logro das competencias clave, especificando diferentes estratexias de aprendizaxe, distintos tipos de agrupamentos e as formas de organización do espazo e dos tempos en función dos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado, con modificacións concretas para o alumnado que presenta NEAE. Os materiais e recursos didácticos utilizados son variados e axeitados tendo en conta o contexto do centro educativo, a biblioteca como recurso didáctico e a utilización de materiais e recursos dixitais.
Observacións:	
E. Medidas de atención á diversidade. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.
	Fai mencións á atención á diversidade, pero con referencias moi xenéricas (presenta unicamente alumnado tipo para xustificar).
	Fai mencións á atención á diversidade, pero son medidas moi puntuais e limitase a súa xustificación a mencionar os protocolos de atención á diversidade.
	Establece medidas de atención á diversidade concretas e acordos ás necesidades do alumnado que presenta NEAE, utilizando distintos recursos e seguindo o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade.
1,00	As medidas de atención á diversidade teñen en conta o cambio de paradigma do “non é capaz” ao “é capaz”. Establece medidas de atención á diversidade (diferenciando entre ordinarias e extraordinarias) acordos ás necesidades do alumnado que presenta NEAE, utilizando distintos materiais e recursos, adecuando o espazo e os tempos, así como a organización da aula. Emprega pautas concretas para o alumnado NEAE a partir dos distintos protocolos de atención á diversidade.
Observacións:	
F. Avaliación do proceso de aprendizaxe: instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. (Ata 1,00 punto) (Non procede na especialidade de Educación Infantil)	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona instrumentos de avaliación pero non son variados nin coherentes coa formulación dos criterios de avaliación. Menciona criterios de cualificación pero non queda claro como se obtén a nota da unidade.
	Presenta variedade de instrumentos de avaliación e son coherentes cos criterios de avaliación e coa formulación dos mínimos de consecución. Hai criterios de cualificación e xustifica de maneira clara como se obtén a nota da unidade.
	Xustifica e explica os diferentes instrumentos de avaliación en relación ás situacións de aprendizaxe e ás características do alumnado. Os diferentes instrumentos de avaliación son coherentes cos criterios de avaliación e coa formulación dos mínimos de consecución. Presenta instrumentos de avaliación adaptados ao alumnado que presenta NEAE. Xustifica como se obtén a nota da unidade.
1,00	Xustifica e explica os diferentes instrumentos de avaliación. Estes son coherentes cos criterios de avaliación e os mínimos de consecución, e están adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Emprega instrumentos de avaliación adaptados ao alumnado que presenta NEAE. Xustifica de maneira clara como se obtén a nota da unidade en función dos pesos asignados a cada criterio de avaliación. Contempla medidas de recuperación/reforzo en función dos resultados académicos alcanzados polo alumnado.
F. Avaliación do proceso de aprendizaxe: instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. (Ata 1,00 punto) (Soamente para a especialidade de Educación Infantil)	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona técnicas de avaliación e instrumentos pero non son variados nin coherentes coa formulación dos criterios de avaliación.
	Presenta variedade de técnicas e instrumentos de avaliación e son coherentes cos criterios de avaliación. Xustifica de xeito xenérico como se chega á valoración do proceso de aprendizaxe.

	Xustifica e explica as diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en relación ás situacións de aprendizaxe e as características do alumnado. As diferentes técnicas e instrumentos de avaliación son coherentes cos criterios de avaliación e a formulación dos mínimos de consecución. Xustifica en termos cualitativos como se chega á valoración do proceso de aprendizaxe.	
1,00	Xustifica e explica as diferentes técnicas e instrumentos de avaliación. Estes son coherentes cos criterios de avaliación e os mínimos de consecución, e atópanse adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe e ás características do alumnado. Emprega técnicas e instrumentos de avaliación adaptados ao alumnado que presenta NEAE. Xustifica en termos cualitativos como se chega á valoración do proceso de aprendizaxe e o progreso efectuado polo alumnado, así como a información relativa ao seu proceso de integración socioeducativa.	
Observacións:		
G. Debate. Ata 1 punto		
	Preguntas do tribunal	a) Responde con solvencia e rigor.
H. Outros aspectos a valorar. Ata 3 puntos		
	Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> * Claridade expositiva. Fluidez. b) Intensidade e prosodia utilizada no discurso. c) Dominio e credibilidade transmitida. d) Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	<ul style="list-style-type: none"> e) Grao de interiorización da UD. f) Estrutura e control do tempo. g) Utilización do esquema/guión como soporte da exposición. h) Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.
	Xustificación	<ul style="list-style-type: none"> i) Propostas innovadoras en relación ás novas tendencias actuais do sistema educativo. j) Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia. k) Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor. l) Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
Observacións:		
		CUALIFICACIÓN TOTAL

Cualificación total da segunda proba da fase oposición

Parte	Cualificacións	Ponderación	Resultado	GLOBAL
A – Programación didáctica		X 0'4		
B – Unidade didáctica		X 0'6		

ANEXO VIII

- **Corpo de profesores de ensino secundario: especialidades que imparten a formación profesional específica (590)**
- **Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional (598)**

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (Programación didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:	
Nome e apelidos do membro do tribunal:					P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:					DNI do/a opositor/a:				

A. Identificación da programación didáctica e concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. Ata 0,5 puntos	
0	Non menciona a concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
	Menciona o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo.
	Menciona o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro.
	Xustifica o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro e do ámbito produtivo.

0,50	Xustifica e concreta o contexto no que se enmarca a PD describindo a importancia do módulo dentro do ciclo formativo tendo en conta as características propias do centro e do ámbito produtivo. Describe situacións reais sobre as que deban existir actuacións por parte do docente.
Observacións:	
B. Relación de unidades didácticas, temporalización e secuenciación. Ata 0,75 puntos	
0	Non menciona a temporalización e a secuenciación das UD.
	Menciona, de xeito xenérico, a temporalización das UD, pero non a súa secuenciación ou ben menciona a secuenciación pero non temporaliza as diferentes UD.
	Menciona a temporalización das UD e a secuenciación das mesmas.
	Xustifica a temporalización das UD tendo en conta o número de sesións semanais da área/materia. Establece unha secuencia das UD ao longo do curso en función dos resultados de aprendizaxe traballados.
0,75	Xustifica a temporalización das UD, tendo en conta o calendario escolar e o número de sesións semanais do módulo. Establece unha secuencia lóxica das UD ao longo do curso; están directamente relacionadas cos resultados de aprendizaxe e coas unidades formativas que forman parte do módulo.
Observacións:	
C. Actividades de ensino e aprendizaxe, recursos e resultados ou produtos das unidades didácticas. Ata 0,75 puntos	
0	Non menciona actividades de ensino e aprendizaxe das unidades didácticas.
	Menciona, de xeito xenérico, as actividades de ensino e aprendizaxe das UD e/ou materiais e recursos.
	Menciona as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando tarefas do alumnado.
	Menciona, de xeito xenérico, os materiais e recursos pero non son axeitados ás actividades propostas.
	Xustifica os obxectivos específicos das UD e os relaciona coas actividades de ensino e aprendizaxe. Xustifica e concreta as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando tarefas do alumnado e os resultados ou produtos de cada actividade. Concreta os materiais e recursos necesarios para a súa realización.
0,75	Xustifica os obxectivos específicos das UD e os relaciona coas actividades de ensino e aprendizaxe. Xustifica e concreta as actividades de ensino e aprendizaxe das UD especificando as tarefas do profesorado, as tarefas do alumnado e os resultados ou produtos de cada actividade. Concreta os materiais e recursos necesarios para a súa realización tendo en conta as características do centro.
Observacións:	
D. Avaliación. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e criterios de cualificación, Ata 1 punto	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona instrumentos de avaliación pero non son variados e acordes ao que realmente se quere avaliar. Menciona criterios de cualificación, pero non son claros e concisos.
	Emprega instrumentos de avaliación variados. Especifica criterios de cualificación e os relaciona cos criterios de avaliación.
	Emprega instrumentos de avaliación acordes ao que se pretende avaliar. Establece un peso e un mínimo exixible para cada criterio de avaliación. Xustifica os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun alumno/a.
1,00	Emprega instrumentos de avaliación variados, acordes aos criterios de avaliación e ás características do módulo. Establece os mínimos exixibles en función dos criterios de avaliación. Establece un peso asignado a cada criterio de avaliación dentro de cada UD a partir dos cales obtén a cualificación final da UD. Xustifica de maneira clara os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación dun alumno/a, tanto das distintas UD, como das avaliacións parciais e da avaliación final.
Observacións:	
E. Procedemento para a recuperación das partes non superadas. Ata 1 punto	
0	Non menciona ningún procedemento de recuperación.
	Menciona, de xeito xenérico, o procedemento para a recuperación das partes non superadas, ou ben menciona a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
	Menciona actividades de recuperación especificando os instrumentos utilizados. Menciona a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
	Xustifica o procedemento para definir as actividades de recuperación especificando as técnicas e os instrumentos utilizados así como os momentos. Xustifica o procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
1,00	Xustifica, de xeito detallado, o procedemento para definir as actividades de recuperación especificando as técnicas e os instrumentos utilizados así como os momentos e as accións que se desenvolverán con alumnado, tendo en conta os diferentes resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo. Xustifica e concreta o procedemento para definir a proba extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua indicando os momentos, os instrumentos.
Observacións:	
F. Seguimento da programación e avaliación da práctica docente. Ata 0,50 puntos	
0	Non menciona a avaliación do proceso de ensino nin da práctica docente, nin o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.

	Menciona de xeito xenérico e pouco preciso a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica.	
	Establece a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, así como o seguimento e avaliación da propia programación didáctica, concretando os instrumentos de avaliación utilizados e a súa temporalización.	
	Xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores e a periodicidade da súa aplicación. Xustifica a posta en común co resto do profesorado.	
0,50	Concreta e xustifica o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, así como o procedemento de seguimento e avaliación da propia programación didáctica, especificando indicadores de logro medibles e realistas. Indica os instrumentos de avaliación empregados para medir os indicadores, a periodicidade da súa aplicación, así como as aplicacións informáticas que emprega no procedemento. Concreta e xustifica a posta en común co resto do profesorado, reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, de cara a valorar as propostas de modificación e/ou de mellora.	
Observacións:		
G. Medidas de atención á diversidade. Ata 1,00 punto		
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.	
	Menciona medidas de atención á diversidade, pero con referencias moi xenéricas (presenta unicamente alumnado tipo para xustificar).	
	Menciona unha avaliación inicial e especifica os momentos nos que se realiza. Menciona medidas de atención á diversidade puntuais para o alumnado que presenta NEAE e nomea os protocolos de atención á diversidade.	
	Realiza unha avaliación inicial, especifica os momentos, as técnicas e os instrumentos de avaliación empregados. Establece, de xeito xenérico, medidas de atención para todo o alumnado. Xustifica medidas concretas de atención á diversidade (tanto ordinarias como extraordinarias) e acordos ás características e necesidades do alumnado que presenta NEAE, tendo en conta os protocolos de atención á diversidade.	
1,00	Realiza unha avaliación inicial especificando o tipo de información que se desexa obter de cada alumno/a, as técnicas e instrumentos utilizados, así como os momentos e as accións que se desenvolverán co alumnado que se incorpore ao longo do curso. Xustifica medidas ordinarias de atención á diversidade para dar resposta ás diferentes características, intereses e motivacións de todo o alumnado, e tendo en conta as características e os recursos do centro. Xustifica medidas extraordinarias para atender ás necesidades do alumnado NEAE, utilizando distintos recursos e xustificando a intervención educativa seguindo o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade. Establece medidas para a atención educativa virtual ao alumnado que presenta dificultades para asistir ao centro.	
Observacións:		
H. Aspectos transversais. Ata 0,5 puntos		
0	Non menciona os elementos transversais e non conta con actividades complementarias.	
	Menciona, de xeito xenérico, os elementos transversais e conta con actividades complementarias pero sen concretar os recursos e o momento nos que se van a realizar.	
	Establece como se van traballar os distintos elementos transversais ao longo do curso. Establece a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), indicando o momento, espazo e recursos que utiliza.	
	Xustifica como se van traballar os distintos elementos transversais ao longo do curso tendo en conta o contexto e as características do alumnado. Xustifica a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento aos contidos traballados e xustificando o momento, espazo e recursos que utiliza.	
0,50	Concreta e xustifica como se van traballar os distintos elementos transversais en relación ao contexto, ás características do alumnado e aos contidos traballados nas distintas unidades didácticas. Concreta a realización de actividades complementarias (en horario lectivo ou que abarcan parte do mesmo), como complemento ao aprendido e para facilitar as aprendizaxes do alumnado, xustificándoas cos elementos curriculares e indicando o seu carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que utiliza.	
Observacións:		
I. Outros aspectos a valorar. Ata 4 puntos		
	Comunicación	Claridade expositiva. Fluidez. Intensidade e prosodia utilizada no discurso. Dominio e credibilidade transmitida. Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
	Organización	Grao de interiorización da programación didáctica. Estrutura e control do tempo.
	Xustificación	Propostas innovadoras relacionadas directamente coa área/materia e as novas tendencias actuais do sistema educativo. Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
	Documento da PD	A programación contén os elementos recollidos na normativa. Empregase unha linguaxe inclusiva ao longo de todo o documento e a normativa mencionada ao longo do documento está en vigor. A redacción do documento presenta unha terminoloxía adecuada, respectando as normas ortográficas e gramaticais. A presentación do documento é orixinal.
Observacións:		
CUALIFICACIÓN TOTAL		

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – B (Unidade didáctica)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:	
Nome e apelidos do membro do tribunal:					P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:					DNI do/a opositor/a:				

A. Xustificación e contexto da UD. Ata 0,5 puntos	
0	Non fai referencias ao contexto.
	Xustifica a UD dentro do módulo pero non a contextualiza en función das características do ámbito produtivo.
	Xustifica a UD dentro do módulo e ten en conta as principais características do ámbito produtivo.
	Xustifica a UD dentro do módulo, establece unha temporalización tendo en conta as principais características do ámbito produtivo e as características do grupo de alumnos/as.
0,50	A xustificación é completa, establece unha temporalización coherente co resto de UD do curso e co calendario escolar, e ten en conta a realidade do centro, facendo fincapé nas características do ámbito produtivo e do alumnado.
Observacións:	
B. Resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos da UD. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona os resultados de aprendizaxe, nin criterios de avaliación nin contidos.
	Menciona os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos do currículo pero non xustifica a coherencia entre os diferentes elementos curriculares.
	Menciona os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos e hai coherencia entre eses elementos e o que se pretende traballar na UD.
	Menciona obxectivos específicos da unidade. Xustifica a relación entre resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos concretando os mínimos exixibles e o que se pretende traballar na UD.
1,00	Os obxectivos específicos da unidade didáctica son axeitados e están ben redactados. Os contidos e criterios de avaliación están adaptados ao curso, son coherentes entre si, establece os mínimos exixibles e un peso específico para cada criterio de avaliación. Crea subcriterios de avaliación e/ou subcontidos para un maior detalle do currículo a tratar na unidade didáctica.
Observacións:	
C. Relación de tarefas de cada actividade e resultados ou produtos. Ata 1,50 punto	
0	Non menciona tarefas de alumnado, profesorado ou avaliación.
	Menciona tarefas pero son moi xerais ou xenéricas.
	Menciona tarefas de profesorado, alumnado e avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade.
	Xustifica tarefas de profesorado, alumnado e avaliación ben detalladas e axustadas ao currículo establecido para esa actividade. Especifica os resultados ou produtos da actividade.
1,50	Xustifica e concreta tarefas de profesorado, alumnado e avaliación, son apropiadas para o módulo, parten do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas, seguen unha secuencia lóxica no tempo e o número de sesións é realista. Os resultados ou produtos da actividade correspóndense cos resultados de aprendizaxe e os obxectivos específicos propostos.
Observacións:	
D. Metodoloxía, recursos e materiais didácticos empregados. Ata 1,00 punto	
0	Non menciona a metodoloxía.
	Menciona unha metodoloxía moi xenérica ou non ten en conta as características do centro e do alumnado.
	Menciona unha metodoloxía variada considerando as características do centro e do alumnado.
	Xustifica unha metodoloxía clara e variada considerando as características do centro, do alumnado, así como as orientacións pedagóxicas establecidas no currículo do módulo.
1,00	A metodoloxía é coherente ao logro dos resultados de aprendizaxe considerando as orientacións pedagóxicas, especificando diferentes estratexias de aprendizaxe, os agrupamentos, as formas de organización do espazo e dos tempos. Os materiais e recursos didácticos utilizados son variados e axeitados tendo en conta o contexto do centro educativo.
Observacións:	
E. Medidas de atención á diversidade. Ata 0,5 puntos	
0	Non menciona medidas de atención á diversidade.

	Menciona medidas de atención á diversidade pero con referencias moi xenéricas.
	Menciona medidas de atención á diversidade en función da avaliación inicial realizada.
	Establece medidas de atención á diversidade en función da avaliación inicial realizada e o establecido nos distintos protocolos de atención á diversidade.
0,50	Establece medidas de atención á diversidade acordes ás necesidades do alumnado, parten da avaliación inicial, e propón medidas de reforzo para o alumnado que non responde globalmente aos obxectivos programados. Emprega pautas concretas dos distintos protocolos de atención á diversidade.
Observacións:	
F. Avaliación. Ata 1,50 puntos	
0	Non menciona a avaliación do proceso de aprendizaxe.
	Menciona instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, pero non son os axeitados.
	Menciona instrumentos de avaliación asociados aos criterios de avaliación, e en xeral son os axeitados.
	Os instrumentos de avaliación empregados son axeitados aos criterios de avaliación. Indícanse os criterios de avaliación mínimos esixibles e o seu peso na nota da unidade didáctica.
1,50	Os instrumentos de avaliación empregados son axeitados aos criterios de avaliación ou subcriterios de avaliación. Indícanse os criterios de avaliación que son mínimos esixibles. Indica o peso de cada criterio de avaliación na nota da unidade didáctica e xustifica os criterios de cualificación que o docente emprega para construír a cualificación da UD.
Observacións:	
G. Debate. Ata 1 punto	
Preguntas do tribunal	m)Responde con solvencia e rigor.
H. Outros aspectos a valorar. Ata 3 puntos	
Comunicación	Claridade expositiva. Fluidez. Intensidade e prosodia utilizada no discurso. Dominio e credibilidade transmitida. Orixinalidade e carácter innovador da exposición.
Organización	Grao de interiorización da UD. Estrutura e control do tempo. Utilización do esquema/guión como soporte da exposición. Utilización de materiais e recursos achegados, especialmente de elaboración propia.
Xustificación	Propostas innovadoras en relación ás novas tendencias actuais do sistema educativo. Propostas innovadoras relacionadas directamente co módulo. Xustificación teórica e adecuación á normativa en vigor. Utilización da normativa como soporte ás explicacións e non como unha mera enumeración.
Observacións:	
CUALIFICACIÓN TOTAL	

Cualificación total da segunda proba da fase oposición

Parte	Cualificacións	Ponderación	Resultado	GLOBAL
A – Programación didáctica		X 0'4		
B – Unidade didáctica		X 0'6		

ANEXO IX

Corpo de mestres: especialidades de Pedagogía Terapéutica (597036) e Audición e Linguaxe (597037)

Rúbrica da segunda proba da fase oposición – A (Plan de apoio)

Corpo:		Especialidade:		Tribunal Nº:		Data:		Hora:	
Nome e apelidos membro tribunal:					P	V1	V2	V3	V4
Nome e apelidos do/a opositor/a:					DNI do/a opositor/a:				

A. Xustificación e marco legal. (Ata 0,7 puntos)	
0	Non consta.
	Referencias a LOMLOE e enumeración superficial da normativa reguladora específica (D.229/15, O. 8 de setembro de 2021) e documentos de centro PXAD, CC, PE, PC...
	Referencia á LOMLOE. Mención aproximada da normativa e clasificación en básica organizativa (decretos e ordes reguladoras do ROC, curricular (Decretos e ordes reguladoras do currículo) e específica (Decreto e orde reguladora de AD). Mención dos documentos de centro PXAD, CC, PE, PC... e das NEAEs
	Exactitude e actualización nas referencias normativas, contextualizando no texto da LOMLOE a normativa básica organizativa e específica. Afondamento nos documentos de centro PXAD, CC, PE, PC..., das NEAEs e os protocolos específicos e convenios subscritos coa Conselleira.
0,70	Aporta un anexo coa normativa (convenios, protocolos) referida.
Observacións:	
B. Contextualización. (Ata 0,3 puntos)	
0	Non consta.
	Refírese sucintamente a un centro concreto e contexto de xeito xeral. Referencias anecdóticas a instalación e recursos.
	Refírese a un centro concreto especificando as características (liñas, unidades, nº alumnado..). Referencias xenéricas a: instalacións e RRHH e materiais. arredores, contexto sociocultural....
	Enmárcase nun centro concreto especificando as características (liñas, unidades, nº alumnado..). Referencias específicas a: instalacións e RRHH e materiais, contorna, contexto sociocultural....
0,30	Intégrase claramente nun centro concreto (liñas, unidades, nº alumnado..) e describe a súa estrutura (Normativa de accesibilidade, instalacións e recursos) concretando características do profesorado, definindo órganos de goberno (unipersoais e colexiados), órganos de coordinación docente (ROCs), contorna (servizos), contexto sociocultural e económico
Observacións:	
C. Identificación de necesidades do alumnado. (Ata 0,5 puntos)	
0	Non constan.
	Limitáase a enumerar os ACNEAE.
	Describe claramente cada un dos NEAE situándoos nunha etapa/nivel.
	Afonda nas NEAE (temporais/permanentes), situándoos nunha etapa/nivel e grupo. Referencias anecdóticas ás necesidades de centro/contexto/alumnado.
0,50	Determina NEAE temporais/permanentes, situándoos nunha etapa nivel e grupo. Referencias concretas ás necesidades de centro (profesorado, recursos, programas...), contexto (ANPA, asociación, servizos externos, familias), alumnado (convivencia L4/11-D8/15, TIC, prevención, obradoiros..).
Observacións:	
D. Obxectivos. (Ata 0,5 puntos)	
0	Non constan.
	Plasma obxectivos dos Decretos reguladores do currículo.
	Indicios de coherencia entre obxectivos xerais do plan e específicos do alumnado
	Coherencia clara entre obxectivos xerais do plan e específicos do centro, contexto e alumnado.
0,50	Coherencia clara entre obxectivos xerais e específicos. Concreción dos obxectivos dos apoios. (Atópanse detallados nos Programas de Intervención).
Observacións:	
E. Contidos. (Ata 1 punto)	

0	Non constan.
	Plasma contidos xerais dos Decretos reguladores do currículo.
	Plasma contidos específicos de AL/PT.
	Plasma contidos xerais e específicos de AL/PT.
	Plasma contidos xerais, enumera e clasifica os contidos específicos en ámbitos de traballo propios de PT/AL.
	Desenvolve sucintamente, clasifica e identifica contidos con ámbitos de traballo do DO (determinación do alumnado, resposta educativa, criterios de acceso ás medidas).
	Identifica contidos con ámbitos de traballo do DO e os desenvolve en profundidade: determinación do alumnado (avaliación inicial EI/EP/ESO, avaliación psicopedagóxica, escolarización, informes...), resposta educativa (ordinarias, extraordinarias), criterios de acceso ás medidas (AC, Avaliación psicopedagóxica, continuidade).
1,00	Identifica contidos con ámbitos de traballo do DO e os desenvolve en profundidade: determinación do alumnado (avaliación inicial EI/EP/ESO, avaliación psicopedagóxica, escolarización, informes...), resposta educativa (ordinarias, extraordinarias), criterios de acceso ás medidas (AC, Avaliación psicopedagóxica, continuidade). Inclúense programas propios do centro relacionados coas NEE/NEAE.

Observacións:

F. Recursos (Ata 0,5 puntos)

0	Non constan.
	Constan, pero con referencias moi xenéricas.
	Os relaciona e clasifica en materiais e humanos.
	Diferencia os tipos de RRHH e as funcións a desenvolver e os RECURSOS MATERIAIS en xenérico, específico de PT/AL
0,50	Diferencia os tipos de RRHH e as funcións a desenvolver, RECURSOS MATERIAIS en xenérico, específico de PT/AL e ORGANIZATIVOS, e establece relación con recursos externos, criterios de selección, inventarios...

Observacións:

G. Metodoloxía e Actividades. (Ata 0,8 puntos)

0	Non constan.
	Constan, pero con referencias moi teóricas.
	Constan con referencias teóricas e desenvolvendo os principios pedagóxicos recollidos nos Decretos que desenvolven o currículo.
	Referencias aos Decretos que desenvolven os currículos, establecendo una metodoloxía específica con principios clave (globalizadora, significativa, socialización, comunicación, individualización..)
	Ademais das referencias aos Decretos que desenvolven os currículos, establece unha metodoloxía específica concretando estratexias de Ensino-Aprendizaxe (aprendizaxe incidental, cooperativo..)
	Ademais das referencias aos Decretos que desenvolven os currículos, establece unha metodoloxía específica, determina tipo de agrupamentos e contornos de traballo.
	Ademais das referencias aos Decretos que desenvolven os currículos, establece unha metodoloxía específica, determina tipo de agrupamentos e contornos de traballo e actividades tipo.
0,80	Ademais das referencias aos Decretos que desenvolven os currículos, establece unha metodoloxía específica, determina tipo de agrupamentos e contornos de traballo, actividades tipo e inclúe a súa participación no desenvolvemento das ACs.

Observacións:

H. Temporalización. (Ata 0,3 puntos)

0	Non consta.
	Establece o do PA como concreción anual do PXAD, facendo referencias ao seu horario.
	Establece o PA como concreción anual do PXAD, concreción do horario (sesións), contextualizado no horario do centro e órganos nos que participa (claustro, CCP, DO, ...).
0,30	Concreción anual do PXAD, concreción do horario en relación ao centro, órganos de participación, secuencia de tarefas a desenvolver ao longo do curso escolar (Avaliación, implantación, informes...)

Observacións:

I. Avaliación. (Ata 0,7 puntos)

0	Non consta.
	Avalía o PA establecendo instrumentos e procedementos (rúbricas, produción, rexistros...).
	Avalía o PA, a práctica docente e o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe establecendo instrumentos e procedementos.
	Avalía o PA, a práctica docente e o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe (referencia ás avaliacións de diagnóstico 4ºEP e 2º ESO), e avaliación do alumnado establecendo instrumentos e procedementos.
	Avalía o PA, a práctica docente e o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe (referencia ás avaliacións de diagnóstico 4ºEP e 2º ESO), e avaliación do alumnado establecendo instrumentos e procedementos e concretando probas estandarizadas específicas de PT/AL (TALE, PROLEC, PLON...).
	Avalía o PA, a práctica docente e o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe (referencia ás avaliacións de diagnóstico 4ºEP e 2º ESO), e avaliación precisa do alumnado establecendo instrumentos e procedementos e concreta probas estandarizadas específicas de PT/AL (TALE, PROLEC, PLON...) e determinando "que avaliar", "cando avaliar" e "como avaliar". Establece normativa específica relativa a avaliación inicial, continua e final.
0,70	Avalía o PA, a práctica docente, a programación de aula e o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe (referencia ás avaliacións de diagnóstico 4ºEP e 2º ESO), e avaliación precisa do alumnado establecendo instrumentos e procedementos e concreta probas estandarizadas específicas de PT/AL (TALE, PROLEC, PLON...). Desenvolve en profundidade os aspectos "que avaliar" (recollida de información a través das familias e dos documentos previos, programa de acollida e avaliación inicial), "cando avaliar" (inicial, continua, final, de nivel e de ciclo) e "como avaliar" (instrumentos específicos de avaliación do ensino-aprendizaxe).
Observacións:	
L. Propostas de mellora. (Ata 0.3 puntos)	
0	Non constan.
	Constan en relación ao centro e profesorado.
0,30	Constan en relación a centro, profesorado, contexto e familias e ao propio plan de apoio... concretando cales.
Observacións:	
M. Programas de intervención. (Ata 0.4 puntos)	
0	Non fai referencia aos programas de intervención como tales xa que interpreta os programas de traballo do PT/AL como programas de intervención individuais de ACNEAE.
	Fai referencia aos programas pero todos eles obedecen a un modelo específico para NEE ou localizados na aula específica.
	Resalta de cada programa os elementos esenciais evitando unha enumeración da estrutura superficial dun modelo xenérico non individual.
0,40	Fai referencia ao característico de cada programa e presenta programas variados de aplicabilidade na aula ordinaria, centro, ou aula específica, que aborde non só patoloxías do ámbito formal.
Observacións:	
